

6 *Review***PARDO AMADO,**
Diego*Rosalía de Castro.*
A luz da ousadía

Santiago de Compostela:
Laivento. 2009. 125 pp.
ISBN 978-84-8487-159-2

**Margarita García
Candeira**
Universidade de
Santiago de Compostela

Este novo ensaio sobre a vontade transgresora de Rosalía de Castro vén presentado por un limiar de María Pilar García Negro, experta investigadora da obra rosaliana desde os anos oitenta. Partindo da ecuación ‘lingua-literatura-nación’, García Negro valida o postulado de Rosalía como ‘escritora fundacional’ (10) e impulsora dunha literatura renacente que actúa como ‘metonimia dun proceso autodeterminante’ (10) no que paga a pena profundar polas súas potencialidades resistentes. Deste xeito, o traballo de Diego Pardo Amado concíbese como un intento de iluminar unha das aspiracións emancipatorias contidas na obra rosaliana, neste caso a feminista.

A posición marxinal e subversiva da autora fronte ás concepcións da muller predominantes na época que investiga Diego Pardo Amado é tratada por García Negro como unha posibilidade identitaria para o presente. Nesta asoma certo esencialismo, evidente en expresións como ‘á procura de nós mesmos’ (12). Asimesmo, a adxunción non problemática da relación entre sociedade e literatura en termos de ‘reflexo’ luckasiano (13) supón ás veces unha confianza excesiva tanto na capacidade representativa e documental da escritura literaria como na intención realista da propia Rosalía de Castro. Ignora por tanto a complexidade refractaria da interacción entre literatura e realidade que vén sendo resaltada desde o mesmo eido da socioloxía literaria pola escola de Bourdieu.

Pardo Amado comeza cun capítulo introdutorio no que enuncia as coordenadas críticas, principalmente sociolóxico-marxistas, nas que se move a súa contribución: a literatura do Rexurdimento galego é ‘froitto duns condicionantes sociopolíticos e económicos determinados’ (15) que fan que cristalicen certas temáticas. Rosalía de Castro é unha escritora ‘revolucionaria’ (15) non só polas súas intervencións políticas, culturais e en defensa do idioma, senón tamén polo particular protagonismo e tratamento que adquire na súa obra a defensa da muller, que a fai partícipe das teorías emancipadoras que propugnaban a igualdade entre xéneros fronte aos modelos de dominación hexemónicos. Despois de expor esta tese central, o autor repasa brevemente os aspectos que se abordarán en cada capítulo: o segundo e o terceiro tratarán de recompoñer un mapa da situación da muller baseándose nos discursos legal e xornalístico da época, mentres

PARDO AMADO, Diego
Rosalía de Castro.
A luz da ousadía
Margarita García Candeira

que o cuarto terá por obxecto o estudo da postura de Rosalía de Castro en relación a esa situación descrita. Do contraste destes dous bloques resultan as conclusións que se presentan no capítulo quinto.

No segundo capítulo o autor analiza exhaustivamente a lexislación tocante á condición das mulleres e ao matrimonio nos anos de vida da autora (1837-1885). Explica como a forte dependencia do poder da Igrexa apenas foi desafiada: tan só a 'Ley de Matrimonio Civil' de 1870, que convertía este en obrigatorio, supón un precario avance que será anulado en 1875, cando coa subida ao poder de Cánovas del Castillo a institución eclesiástica recupera o control absoluto dos casamentos. Pardo Amado amósase agudo e perspicaz á hora de ler as leis cunha lente ampla e de diversas profundidades: en primeiro lugar, denuncia como certas exaltacións da muller teñen por obxecto acoutar o seu campo de acción ao entorno doméstico; en segundo, identifica como a esixencia do permiso do home para que unha muller poida publicar supón un recoñecemento tácito de idénticas capacidades intelectuais para ambos. Ademais, o autor mergúllase nas normas legais sobre as mulleres para atopar os termos últimos da desigualdade que estas establecen, e conclúe que os diferentes códigos postulan, explicitamente, unha 'superioridade natural' (36) da muller respecto do home e, implicitamente, unha consideración dela como propiedade ou posesión do segundo. Estas ideas apóianse nunha 'literatura pseudocientífica' (38) que se menciona na obra pero que non se repasa. Malia a necesidade de concisión e a vocación de precisión documental do traballo, sería proveitoso que Pardo Amado afondase nestes certos apuntamentos: unha consulta crítica desta literatura, así como unha maior contextualización desta idea de propiedade dentro da crítica marxista á sentimentalidade burguesa, dotarían dun maior calado o rastrexo que se realizará despois na obra rosaliana.

A exploración da imaxe feminina nos xornais, levada a cabo no terceiro capítulo, completa e confirma estas deducións. Pardo Amado deconstrúe os tópicos argumentativos e os trucos retóricos do discurso xenérico conservador, así como o seu enraizamento na misoxinia medieval, para contrastalos coas posturas rosalianas que deduce da súa obra poética e prosística. Neste senso, fronte á suposta tendencia á superstición das mulleres, Rosalía de Castro presentaría o personaxe de Teresa, en *La hija del mar* (1859), como contrapunto. No que toca ao seu desamparo, á necesidade do matrimonio e á dignidade do traballo remunerado, o autor contrasta as solucións doadamente conciliadoras dos artigos xornalísticos da escritora conservadora Virginia Felicia Auber Noya coa postura comprensiva e allea a todo moralismo que Rosalía de Castro amosou en pezas como *Conto gallego* (publicado postumamente en 1923) ou *Flavio* (1861). A escolla dos textos comparados é, sen dúbida, atinada e revela un intenso traballo bibliográfico e analítico que ilumina sen ambages a atmosfera ideolóxica dunha época. Porén, o cotexo ao mesmo nivel de pezas xornalísticas con obras literarias se cadra corre o risco de descoidar a condición problemática das segundas.

O capítulo cuarto constitúe o verdadeiro miolo do libro, no que a produción rosaliana é testada fronte ao conservadurismo ideolóxico da época. Despois de facer unha breve alusión a unha suposta igualdade efectiva no matrimonio da autora con Manuel Murguía, Pardo Amado identifica na obra de Rosalía de Castro unha profunda crítica do matrimonio e unha proposta igualitaria derivada da súa denuncia da subxugación feminina manifesta en diversos ámbitos.

No que toca ao matrimonio, con *Follas Novas* (1880), escrito entre 1869 e 1870, de Castro tería 'a clara intención de opinar e intervir na

PARDO AMADO, Diego
Rosalía de Castro.
A luz da ousadía
Margarita García Candeira

polémica suscitada' (81) pola 'Ley de Matrimonio Civil' de 1870 que, como dicíamos, establecía a obrigatoriedade deste casamento non relixioso. Así, Pardo Amado presenta unha lectura tanto dos poemas do volume como do limiar 'Dúas palabras d'autora' á sombra desta vontade de participación: Pardo Amado observa como varias composicións poéticas rexeitan o matrimonio e subverten a imaxe de San Antonio como avogado dos casadeiros –'Decides qu' o matrimonio / E santo e bueno, serrallo, / Mais non casou San Antonio (82). Mais observa tamén como de Castro describe esta institución en termos de inmolación en *El caballero de las botas azules* (1867), ou amosa repetidamente a súa conciencia do inxusto reparto de roles tradicionais e dos malos tratos nos seus textos, retomando temáticas xa esbozadas en *Cantares Gallegos* (1863). Outros poemas de *Follas Novas* serven ao autor para secundar a hipótese que Francisco Rodríguez xa adelantara en *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988) acerca da existencia na obra rosaliana dun modelo de muller diverxente dos canons establecidos, dos que supostamente ela foi quen de fuxir, sen sufrir o castigo na destrución.

Pardo Amado defende a existencia dun programa igualitario na obra da autora. Para amosalo, parte do estudo da figura de Teresa en *La hija del mar* para percorrer o tratamento rosaliano de diversas realidades que testemuñan a forte opresión da muller na época. A condición de filla de solteira do devandito personaxe é relacionada coa súa actitude revolucionaria e libertaria, e a súa relación co seu home Alberto ilustraría unha relación subordinada oposta á equilibrada que representan na mesma peza Esperanza e Fausto. O control paterno dos casamentos exemplifícase na historia de Mariquita (*El caballero de las botas azules*), e en Berenice (*El primer loco*, 1881). A existencia da dote e dos matrimonios de conveniencia aparece tamén como recurso argumental na historia de Esmeralda (*El primer loco*) e de certas mulleres de *El caballero*. Por último, a inxustiza da deshonra está presente tematicamente en *Flavio* (1861) e en *La flor* (1857).

Novamente, Pardo Amado amosa unha ollada intelixente e inquisitiva, que lle permite apreciar que as posicións de Rosalía de Castro van máis aló da crítica aos sistemas legais e eclesiásticos para apuntaren a unha descrenza na permanencia da parella amorosa. Á referencia á reflexión rosaliana sobre 'la inestabilidad de los sentimientos humanos' (79) súmase a cita dun poema no que o eu lírico afirma que 'Y esta é cousa sabida / Como que queima ó fogo, / Canto mais com'un del, repuna logo' (82). Esta postura receosa do matrimonio, así como a postulación doutro modelo de muller non procede só dun descontento social senón que contén o xerme dunha teoría sentimental de xénero na que se podería afondar se o preciso marco metodolóxico do traballo, que tan bos froitos dá polo seu rigor e sistematicidade, fose axeitadamente ampliado.

Finalmente, no quinto capítulo, o autor expón as conclusións extraídas de cada un dos aspectos estudados e que se poden resumir como segue: fronte á clara situación de dependencia e dominación da muller respecto do home, a obra rosaliana contén un proxecto de igualdade e unha crítica das perversións ligadas aos matrimonios convencionais da época. Pardo Amado acerta a relacionar esta transgresión rosaliana cunha vivencia do sagrado que racha coa relixiosidade convencional pero que non desemboca nunha atribución de ateísmo á autora, senón que está ligado á ambivalencia –'ábrelle a porta a Deus mais tamén ao demo' (116)– e ao ámbito subversivo da festividade.

O ensaio co que Pardo Amado contribúe ao desenvolvemento da crítica rosaliana integra harmonicamente dúas vertentes do achegamento

PARDO AMADO, Diego
Rosalía de Castro.
A luz da ousadía
Margarita García Candeira

actual aos estudos literarios: a investigación histórica e sociolóxica de índole empírica completada cunha atención detida aos textos literarios da autora, ambas tarefas realizadas desde unha postura ideolóxica feminista. Desde a conciencia deste feito, o autor combina un impecable rigor metodolóxico cunha mirada crítica estratexicamente sagaz e desconfiada. Penetra nos compendios legais desvelando as servidumes ocultas baixo retóricas perversas e identifica o potencial subversivo contido non só na poesía, senón tamén na prosa rosaliana, que tradicionalmente ten sido bastante desatendida.

Froito desta capacidade de lectura son unha serie de apreciacións do autor sobre a condición feminina, o amor, o popular e o sagrado que, para comprender as posturas rosalianas en toda a súa complexidade, poderían ser ampliadas con atención, entre outras, ás teorías sobre o xénero (Butler, *O xénero en disputa*), ao discurso sobre as emocións (Luhmann, *O amor como paixón*; Barthes, *Fragmentos dun discurso amoroso*), e ás reflexións sobre a resistencia do ludismo popular (Bakhtin, *Rabelais e o seu mundo*) e do sagrado (Bataille, *O erotismo*; *A experiencia interior*). Malia iso, o traballo de Diego Pardo Amado cumpre sobradamente o seu obxectivo: é un amplo foco que ilumina potentemente a escuridade na que a obra rosaliana despunta con aínda máis forza, remachando a súa actualidade e servindo de impulso renovador para os estudos rosalianos contemporáneos.